

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000007.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 18 de febreiro de 2026, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7, 14, 21, 28 DE XANEIRO E 4 DE FEBREIRO DE 2026.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 5 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO.

XUVENTUDE

3. BASES REGULADORAS DO PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "ARDE LUCUS 2026".

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE PENALIDADE POR INCUMPRIMENTO NA

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4699412306398920716.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-2-2026

EXECUCIÓN DO CONTRATO DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NOS CENTROS PÚBLICOS DE INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2024/C003/000031.

5. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS. EXP. REF. 2024/C004/000003. 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 25/04/2026 ATA O 24/04/2027.

6. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN DO ACCESO Á PRAZA DE ABASTOS DE LUGO POLA RÚA TUÑAS BOUZÓN. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, E DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. EXP. REF. 2025/C002/000027.

7. MODIFICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO ASINADO O 18 DE MARZO DE 2016 CON MONBUS URBANOS SAL. MODIFICACIÓN LIÑAS DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO 1.2, 3.2, E 5.2-5DS. Exp. Ref. 2022/C009/000001.

8. CONTRATO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN NA RÚA MILAGROSA EXP.2024/C002/000014. DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 3/2026 DE INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE MODIFICADO E RECUSACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA.

9. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REXENERACIÓN DE PAVIMENTOS NO CEMITERIO DE SAN FROILÁN RÚAS 1 E 2. Exp ref: 2025/C002/000030. ADXUDICACIÓN.

10. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE TEAS AOS COLEXIOS PARA O ARDE LUCUS. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2026/C004/000001.

11. CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓNS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2023/C003/000029. 2ª PRÓRROGA DENDE O 20.02.2026 ATA O 19.02.2027.

12. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MILAGROSA DE LUGO (TRAMO COMPRENDIDO ENTRE RÚA MALLORCA E RÚA XULIA MINGUILLÓN). Exp ref: 2024/C002/000014. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO POR DEMORA NO CUMPRIMENTO DE PRAZOS.

13. CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA NA RÚA PICASSO. EXP. REF. 2025/C002/000029. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

14. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE OFICIAL SEPULTUREIRO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2025).

15. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL VIXIANTE RECADADOR/A ACCESO LIBRE (OEP 2023).

16. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICAR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A, ACCESO LIBRE(OEP 2023).

17. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO/A ACCESO LIBRE (OEP 2023).

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4699412306398920716.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-2-2026

VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

18. APROBACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A VENDA AMBULANTE NO MERCADO DE FRIGSA, ANO 2026. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,